

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN EN ACCIÓNS FORMATIVAS NO CENTRO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL

ARTIGO 1.—CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción, este Concello establece o prezo público pola participación en determinadas actividades formativas, que se rexerá pola presente ordenanza.

ARTIGO 2.—FEITO IMPONIBLE

Está constituído pola participación nas seguintes actividades de carácter formativo:

Todos aqueles cursos que imparta o Concello de Cuntis, nas súas instalacións do Centro de Formación Ocupacional A Ran, agás aquelas que pola súa propia normativa fixe que a asistencia dos alumnos e alumnas deba ser gratuíta (cursos do plan FIP, Escolas Obradoiro, Obradoiros de Emprego etc.).

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Os obrigados ao pagamento serán as persoas naturais ou xurídicas que realicen algunha das actividades descritas no artigo 2º.

ARTIGO 4.—TARIFAS

As tarifas a aplicar fixaranse en función da memoria que se presente de cada acción a realizar, na que se indicarán os diferentes custos, memoria que aprobará a Xunta de Goberno Local en virtude do establecido no artigo 23.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así coma o artigo 47.1 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Unha vez establecidos estes custos, a tarifa a aplicar será o resultado da seguinte fórmula matemática:

$$\frac{[(C.U.A. \times H.) + (C.U.B. \times A. \times H)] - \text{subvención obtida}}{A}$$

Sendo:

C.U.A. Costo unitario por hora do módulo A.

C.U.B. Costo unitario por hora e por alumno ou alumna do módulo B.

A. Número de alumnas ou alumnos que realizarán a actividade.

H. Número de horas que dura a acción formativa.”

ARTIGO 5.—PAGAMENTO

O pagamento do prezo público efectuarase nas entidades financeiras colaboradoras do Concello, durante o prazo que se fixe na resolución da realización da actividade.

ARTIGO 6.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS:

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a estas corresponda en cada caso, aplicarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza reguladora, que consta de 6 artigos e unha disposición final, comezará a rexer despois da súa aprobación no Pleno da Corporación e publicada integramente no BOP. A entrada en vigor producirase o día seguinte ao da publicación mantendo a vixencia ata que sexa derogada ou modificada por acordo municipal expreso ou por disposicións legais de rango superior.